



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 26 de setembro do 2012.

HORA DE COMEZO: 21.50 horas

HORA DE REMATE: 22.15 horas.

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Dona Adela Redondo Rendo
Don Xabier Canabal Fernández
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde en funcións don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretario en funcións don Jesús Buján Varela, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria e urxente do pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Toma de coñecemento da dimisión do alcalde don Adolfo Gacio Vázquez**

DELIBERACIÓNS

- 1. Toma de coñecemento da dimisión do alcalde don Adolfo Gacio Vázquez**

Dáse conta ó Pleno do Concello de Boqueixón do escrito, que tivo rexistro de entrada o día 25/09/2012 co número 12/2297, de dimisión na súa condición de Alcalde –

Presidente do Concello de Boqueixón, de don Adolfo Gacio Vázquez, tal e como a continuación se transcribe literalmente:

“ Adolfo Gacio Vázquez, con DNI número, alcalde electo do Concello de Boqueixón, por medio desta comunicación manifesta a súa intención de DIMITIR do cargo de alcalde de Boqueixón, mantendo en todo caso o cargo de concelleiro desta corporación local.

Agardo do Pleno do concello que tome coñecemento desta dimisión e inicie os trámites necesarios para a elección dun novo alcalde segundo o establecido nos artigos 39 e 40 do RD 2568//1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Boqueixón, 25 de setembro de 2012 “.

Así mesmo dase conta da Resolución, de data 25 de setembro de 2012, de delegación de alcaldía, a cal se transcribe literalmente:

“Adolfo Gacio Vázquez, alcalde deste concello, ó ausentarme por razóns persoais a partires do día de hoxe ás 14.30 horas e con anterioridade a presentación da miña renuncia como alcalde

Resolvo

- 1. Delegar , en don Jesús Sanjuás Mera tódalas competencias delegables e propias desta alcaldía ata a elección de novo alcalde.*
- 2. Dar conta desta resolución ó mencionado señor Sanjuás Mera para o seu coñecemento e efectos.*
- 3. Dar conta ó Pleno na vindeira sesión que se realice.*

Boqueixón, 25 de setembro de 2012”

O Pleno do Concello de Boqueixón, por unanimidade dos asistentes toma coñecemento e acepta a renuncia presentada por don Adolfo Gacio Vázquez como Alcalde de Boqueixón e o mantemento do seu cargo de Concalleiro do Concello de Boqueixón.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente en funcións remata a sesión e eu redacto a acta como secretario en funcións.

Vº e Pr.

O secretario en funcións

O alcalde en funcións